

## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión ordinaria do 02.02.2023

### ÍNDICE DE PUNTOS

A) APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.....	2
PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES. APROBACIÓN.....	2
B) EXPEDIENTES DE PREZOS PÚBLICOS.....	2
PUNTO SEGUNDO. APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE FINDE NA NEVE DO CONCELLO DE AMES. EXPEDIENTE GD 584/2023.....	2
C) EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.....	4
PUNTO TERCEIRO. RESOLUCIÓN CONTRATO DE OBRAS DE PROTECCIÓN E CONSOLIDACIÓN DA CALZADA E ARCO DA PONTE CABIRTA NO RÍO SAR. CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 34/2020. EXPEDIENTE GD 1449/2020.....	4
PUNTO CUARTO. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE DOUS VEHÍCULOS HÍBRIDOS BAIXO A MODALIDADE DE RENTING ADSCRITOS Á POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE AMES. EXPEDIENTE GD 3201/2022.....	7
PUNTO QUINTO. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA REDE SEMAFÓRICA DO CONCELLO DE AMES. EXPEDIENTE GD 6550/2022.....	10
MODIFICACIÓN DO REPRESENTANTE DO ÓRGANO XESTOR DE VARIAS OBRAS MUNICIPAIS. EXPEDIENTES GD 4909/2020; 655/2021; 735/2021; 849/2021; 852/2021; 2578/2021; 6375/2021; 8621/2022; 11521/2022.....	15

## **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

### **Sesión ordinaria do 02.02.2023**

Sendo as once horas e trinta minutos (11:30 h) do 02 de febreiro de dous mil vinte e tres (2023), reúnese a Xunta de Goberno local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José Blas García Piñeiro, e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde David Santomil Mosquera, Luísa Feijóo Montero, Genma Otero Uhía, Víctor Manuel Fernández Prieto, Ana Belén Paz García e Natividad González Rodríguez.

Asiste a interventora titular da Corporación, Margarita Fernández Sobrino.

Actúa de secretaria a titular da Corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

#### **A) APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES**

##### **PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES. APROBACIÓN**

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular ás actas das sesións anteriores, a ordinaria do 26.01.2023 e a extraordinaria do 31.01.2023 que foron distribuídas con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobadas as actas, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

#### **B) EXPEDIENTES DE PREZOS PÚBLICOS**

##### **PUNTO SEGUNDO. APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE FINDE NA NEVE DO CONCELLO DE AMES. EXPEDIENTE GD 584/2023**

A concellería de Xuventude do Concello de Ames quere impulsar actividades saudables para a mocidade como a denominada FINDE NA NEVE, que consiste nunha saída de fin de semana no primeiro trimestre do ano 2023, dirixida á mocidade entre os 15 e os 30 anos, a unha estación de esquí do norte peninsular.

Figura no expediente proposta asinada conxuntamente pola técnica en mocidade e información xuvenil e a concelleira de mocidade, de data 20.01.2023. Figuran informes favorables da Tesourería municipal (datado 21.01.2023) e da Intervención municipal (informe 15/2023 do

24.01.2023).

Por todo o exposto, Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto 1376/2021, BOP nº 75 do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.** Aprobar o prezo público da actividade **FINDE NA NEVE** segundo o seguinte cadro, así como as bases que rexen a convocatoria da actividade, que figuran como anexo:

<b>FINDE NA NEVE</b>	Usuario/a	Redución 27%	158,00 €
	Usuario/a emerxencia social	Exención 100%	A criterio de Servizos Sociais

**Segundo.** O prezo público desta actividade permanecerá en vigor ata que se proceda a súa modificación ou derogación expresa.

**Terceiro.** Publicar o anuncio de aprobación deste prezo publico tanto no BOP como na páxina web do Concello e nas dependencias do servizo que organice a actividade. O anuncio permanecerá exposto dende o día seguinte ao da adopción do presente acordo ata que actividade teña rematado.

**Cuarto.** Dar conta deste acordo na primeira sesión de comisión informativa de Economía e Facenda que teña lugar (Artigo 6 da ordenanza municipal reguladora do prezo publico polos servizos culturais e deportivos do Concello de Ames).

**Quinto.** Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

**Sexto.** Facultar ó alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de tramite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

## **ANEXO**

### **FINDE NA NEVE**

Finde na Neve é unha saída de fin de semana á Estación Invernal de Leitariegos (León) que se desenvolverá entre o 10 e o 12 de marzo de 2023, con saída en bus o venres pola tarde e regreso o domingo tarde noite. Con esta iniciativa preténdese fomentar un ocio saudable e de contacto coa natureza, ademais de fortalecer as experiencias conxuntas e as relacións interpersoais da mocidade.

A saída inclúe: desprazamento ida e volta en autobús, aloxamento e pensión completa 3D/2N (Albergue Laciana Natura), forfait 2D, alugueiro de material de esquí 2D (esquís, botas, bastóns e casco), curso de esquí 4h (un/ha monitor/a por 10 participantes), seguros, monitores/as acompañantes 24h.

O servizo de pensión completa comeza coa cea do venres 10 de marzo e remate coa comida do domingo 12 de marzo.

Ofértanse un máximo de 40 prazas (mínimo 25) para a mocidade de Ames entre os 15 (nados en 2007) e os 30 anos. Os/as participantes deben estar empadroados/as no Concello de Ames (comprobarase de oficio), ou no seu defecto, matriculados/as nun centro educativo de Ames ou traballo no termo municipal (tales circunstancias deben ser acreditadas).

### **INSCRICIÓN**

Ábrese un prazo de inscrición **do 15 ao 21 de febreiro.**

**As prazas serán cubertas por rigorosa orde de inscrición no rexistro.**

Presentarase preferiblemente a través do **rexistro telemático** na sede electrónica do concello (<https://sede.concellodeames.gal>) ou presencialmente no rexistro de calquera administración pública adherida á plataforma de intercambio rexistral (SIR).

Documentación a presentar:

- Ficha de inscrición cuberta e asinada
- Copia do DNI do/a participante e do/a pai/nai/titor-a en caso de menores

- Copia da tarxeta sanitaria
- Certificado médico (no caso de que o/a participante teña tratamento ou doenza que deba ser tido en conta, (de igual xeito, no caso de medicación específica ou alerxia alimentaria ou doutro tipo).

**O 23 de febreiro publicarase a lista de inscritos/as na páxina web municipal e nos taboleiro oficiais do concello.**

#### **CUSTE E PAGAMENTO (AUTOLIQUIDACIÓNS)**

O transporte e parte do custe das prazas serán financiadas pola Concellería de Xuventude, resultando un custe para o/a usuario/a de 158,00€.

Deberá facer o abono da actividade e deste xeito formalizar a inscrición **SÓ** despois de que o departamento de Xuventude confirme a súa praza. Enviaráselle o impreso de pagamento (autoliquidación) ao correo electrónico facilitado na inscrición. Neste documento indícaráselle o prazo no que debe realizarse o abono.

En caso de dispor de Certificado Dixital ou DNI electrónico poderá descargala autoliquidación a través do enlace “Oficina Virtual Tributaria” que figura na web municipal ([www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)) ou a través da banca electrónica de ABANCA.

De non aboar o importe no prazo establecido, considerárase baixa inmediata no servizo sen posibilidade de recuperar os importes aboados, agás causa xustificada.

#### **EXENCIÓN DA TAXA**

**Exención do 100% da taxa:** nos casos de emerxencia social, que contén con resolución do Concello de Ames, tendo en conta o previsto no artigo 11.7 da Ordenanza Fiscal Xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Ames e o regulamento de emerxencia social do concello. **De selo caso**, deberase axuntar a documentación específica que acredite tal condición mediante informe dos servizos sociais municipais.

#### **RENUNCIA A PRAZA E DEVOLUCIÓN DA TAXA**

No caso de que, por algún motivo xustifico, tivese que renunciar á praza, presentará instancia a tal efecto a través da sede electrónica ou presencialmente no rexistros municipais.

As cantidades aboadas soamente serán devoltas cando non se poda utilizar o servizo por causa de forza maior non imputable ao interesado/a. Estas causas deberán ser debidamente xustificadas na solicitude de devolución que se formule, debendo achegar a esta os documentos xustificativos que en cada caso correspondan. Fóra destes casos, non se efectuarán devolucións das cantidades aboadas.

A omisión, falsidade dos datos o dos documentos achegados serán causa de denegación, con independencia da incoación do correspondente expediente sancionador.

Información xeral

Departamento de Xuventude XA!. [Tel. 616.083.229](tel:616.083.229). [omix@concellodeames.gal](mailto:omix@concellodeames.gal)

## **C) EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN**

### **PUNTO TERCEIRO. RESOLUCIÓN CONTRATO DE OBRAS DE PROTECCIÓN E CONSOLIDACIÓN DA CALZADA E ARCO DA PONTE CABIRTA NO RÍO SAR. CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 34/2020. EXPEDIENTE GD 1449/2020**

A Xunta de Goberno Local do 29.04.2021 aprobou o expediente de licitación das obras de Protección e consolidación da calzada e arco da Ponte Cabirta no río Sar, ao abeiro dun convenio suscrito entre o concello e a Deputación Provincial da Coruña o 17.07.2020 ( convenio de colaboración 34/2020), mediante o cal, esta subvencionaba o 75% do seu custo.

O prazo para a súa execución e xustificación remataba o 31.10.2021.

Tramitada a licitación, a Xunta de Goberno Local do 25.06.2021 adxudicou o contrato a Parteluz Estudio, S.L., sendo asinada a resolución da adxudicación pola empresa adxudicataria o 12.07.2021 (trátase dun procedemento aberto simplificado abreviado). O prazo de execución é de 3 meses contados a partir do día seguinte o da sinatura da acta de comprobación do reformulo. Dado que a acta de comprobación do reformulo tivo lugar o día 18.08.2021, as obras tiñan que finalizar o 18.11.2021.

O Concello de Ames solicitou á Deputación Provincial con data 28.09.2021 unha prórroga para xustificar a execución da obra, solicitude que foi atendida, fixándose o prazo máximo de xustificación o 31.10.2022.

Con data do 19.11.2021, Parteluz Estudio, S.L. solicitou unha prórroga na execución das obras de 2 meses alegando problemas tanto de falta de man de obra no mercado como dificultade no acceso aos materiais debido á escaseza de stock e problemas na subministración, xustificando o atraso en causas non imputables ao contratista en virtude do establecido no artigo 195.2 da LCSP. Previo informe favorable da Dirección de Obra, a Xunta de Goberno Local do 10.12.2021 autorizou a prórroga do prazo de execución, situando a finalización no 19.01.2022, e aprobándose un novo programa de traballo.

Con data do 14.01.2022 Parteluz Estudio, S.L., solicitou unha nova prórroga no prazo de execución do contrato por 1 mes polos mesmos motivos alegados na solicitude da primeira prórroga, cun compromiso da empresa Montaje Fiver, S.L. para a execución da pasarela de aceiro cortén. O 17.01.2022 o director de obra emitiu informe favorable á concesión da segunda prórroga aínda que no mesmo mostraba as súas dúbidas nos prazos expresados no devandito compromiso e, en xeral, polo devir da obra. A segunda solicitude de prórroga non foi aprobada polo órgano de contratación.

A Dirección de Obra emite informe o 26.09.2022 sobre o estado da obra indicando, entre outros aspectos, que a empresa Parteluz se ausentara no mes de novembro, estando só executado o 41 % do total da obra, polo que entendía que correspondía a imposición de penalidades debido a situación de abandono da obra o que impedía que se puidera abrir o entorno ó uso público.

Mediante Providencia de Alcaldía do 13.10.2022, iniciouse expediente de resolución de contrato por causa imputable ao contratista, requiríndolle ó director de obra que detallara e cuantificara as actuacións mínimas necesarias para poder abrir ao público o entorno afectado pola obra.

Con data do 24.10.2022 a Dirección de Obra informa que as obras non poden abrirse ao público sen uns traballos previos cuantificados en 3.395,36 euros e un prazo estimado de execución de 5,5 días; que a obra executada era do 41% do total e que procedía o inicio de penalidades por incumprimento do prazo de execución por parte da empresa adxudicataria.

A obra de Protección e consolidación da calzada e arco de Ponte Cabirta no río Sar está subvencionada nun 75% pola Deputación Provincial de A Coruña en base ao convenio de colaboración número 34/2020 asinado o 17.07.2020 cuxa cláusula III especificaba que

*Se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao seu uso público previsto entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.*

En consecuencia, existe un dano e prexuízo ocasionado ao Concello de Ames por parte da empresa adxudicataria, Parteluz Estudio, S.L., xa que o feito de que esta non cumpra coa prestación obxecto do contrato supón a perda por parte do Concello de parte do financiamento comprometido.

En consonancia coa documentación que figura no expediente, o Concello de Ames xa abonou a Parteluz Estudio, S.L. un total de 13.767,61 euros, que corresponden á unha base de 11.378,19 euros máis 2.389,39 euros en concepto de IVA que se corresponde coas certificacións dos meses de setembro, outubro e novembro 2021.

Polo tanto, os danos e prexuízos ocasionados por Parteluz Estudio, S.L., relativos á perda da subvención da Deputación Provincial de A Coruña pódense cuantificar en 10.325,71 euros (correspondente ao 75% de 13.767,61 euros).

Por outra banda, o informe do director de obra do 26.09.2022 reflicte no seu punto 13:

*Que tendo en conta a situación de abandono actual do ámbito da obra, esta D.F. considera que dito entorno non é susceptible de ser aberto ao uso público sen a execución previa de labores de limpeza, desbroce, retirada de elementos e incluso a reparación ou consolidación de algúns dos traballos executados se fora necesario.*

A estes efectos, por Providencia de Alcaldía requiríuse ao director de obra que cuantificara o custo para poder abrir ó público o entorno afectado pola obra. Para o director de obra (consta informe no expediente) as actuacións necesarias son de 2.806,08 euros máis o IVE de 589,28 euros o que fai un total de 3.395,36 euros.

Por todo o exposto, considérase que os danos e prexuízos susceptibles de requirir a súa indemnización á empresa adxudicataria ascenden á cantidade de 13.721,07, que corresponde á dous conceptos, a parte da obra efectivamente pagada polo Concello e que non vai ser financiada pola Deputación por non finalizarse en prazo (10.325,71 euros), máis os gastos nos que vai ter que incurrir o Concello como consecuencia do abandono da obra (3.395,36 euros) e que son precisos para a súa apertura ao público.

Previo informe da Secretaría do 03.11.2022, a Xunta de Goberno Local do 10.11.2022 aprobou o inicio do expediente de resolución do contrato, ca empresa Parteluz Estudio SL, concedéndolle á empresa trámite de audiencia por 10 días naturais para que puidera presentar as alegacións e documentación que estimara conveniente.

Con data do 24.11.2022 o contratista formulou alegacións, opoñéndose ao inicio do expediente de resolución do contrato.

Con data 28.11.2022, requiríuselle á Dirección de Obra para que emitira informe sobre as alegacións presentadas pola empresa adxudicataria, Parteluz Estudio SL, que foi emitido en data 05.12.2022 insistindo na falta de transparencia da adxudicataria respecto á evolución das obras, así como no incumprimento dos prazos establecidos no contrato.

Figura no expediente informe proposta da Secretaría municipal propoñendo a desestimación das alegacións e a resolución do contrato (previo ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia) así como a reclamación dos danos causados, á empresa Parteluz Estudio SL, cuantificados en 13.721,07 euros. Figura no expediente informe de fiscalización da Intervención municipal 572/2022.

A Xunta de Goberno Local do 15.12.2022 desestimou as alegacións presentadas por Parteluz Estudio SL, no expediente de resolución de contrato, pola demora na execución das obras, de protección e consolidación da calzada e arco da Ponte Cabirta no río Sar, solicitando ditame ó Consello Consultivo de Galicia en base á oposición mostrada polo contratista.

O Consello Consultivo de Galicia emitiu ditame en data 25.01.2023 (R.E. 1302/2023) informando favorablemente, a proposta do órgano de contratación do Concello de Ames, de resolución contractual coa empresa Parteluz Estudio SL na obra de protección e consolidación da calzada e arco da Ponte Cabirta no río Sar.

Polo que respecta á indemnización por danos e prexuízos, o ditame do Consello Consultivo de Galicia considera axeitado que se debe resolver nun ulterior procedemento contradictorio instruído para o efecto, no que se poderá fixar con máis precisión o alcance dos danos e prexuízos causados pola empresa adxudicataria.

En canto aos efectos da resolución, o artigo 213.3 da LCSP establece que cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía (non é o caso ó tratarse dun procedemento aberto simplificado abreviado, artigo 159.6) e deberá, amais, indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

Tamén hai que ter en conta que o art. 246.1 da LCSP dispón que a resolución do contrato dará lugar á comprobación, medición e liquidación das obras realizadas de acordo ao proxecto, fixando os correspondentes saldos, para o cal é necesaria a citación do contratista ao acto de

comprobación e medición. Pódese entender segundo o citado artigo que será despois desta actuación cando se debe fixar máis axeitadamente a indemnización que no seu caso proceda establecer.

Polo que respecta á indemnización no artigo 213.5 da LCSP especificase que no acordo de resolución do contrato deberá conter pronunciamento expreso acerca da procedencia, ou non, da perda, devolución ou cancelación da garantía, que no seu caso se constituíra.

Por todo o exposto, Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto 1376/2021, BOP nº 75 do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro. Declarar a resolución do contrato administrativo asinado entre o Concello de Ames e a empresa Parteluz Estudio SL**, en data 12.07.2021, para a execución da obra de **protección e consolidación da calzada e arco da Ponte Cabirta no río Sar** incluída no convenio subscrito entre o Concello e a Deputación Provincial de A Coruña o 17.07.2020 (convenio de colaboración 34/2020), **pola demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista** previsto no artigo 211.1.d da LCSP.

**Segundo.** Establecer a indemnización por danos e prexuízos, ó Concello de Ames, por parte da empresa Parteluz Estudio SL, pola demora no cumprimento dos prazos de execución, en 13.721,07 euros correspondentes a parte de obra pagada polo Concello e que non vai a ser financiada pola Deputación Provincial e os arranxos necesarios para poder abrir ó público o espazo afectado pola obra.

**Terceiro.** A resolución do contrato dará lugar a comprobación, medición e liquidación das obras realizadas de acordo co proxecto, fixando os saldos pertinentes a favor ou en contra do contratista.

**Cuarto.** Unha vez realizada a comprobación, medición e liquidación das obras realizadas, de acordo ao proxecto de obras, instruír un novo procedemento específico para fixar axeitadamente a indemnización que no seu caso proceda establecer, en base ó ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia (CCG 476/2022)

**Quinto.** Notificar aos interesados este acordo así como o réxime de recursos que procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ao tratarse dun acto que pon fin a vía administrativa.

**Sexto.** Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

**Sétimo.** Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

**PUNTO CUARTO. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE DOUS VEHÍCULOS HÍBRIDOS BAIXO A MODALIDADE DE RENTING ADSCRITOS Á POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE AMES. EXPEDIENTE GD 3201/2022**

A Xunta de Goberno Local do 04.08.2022 aprobou o expediente de contratación do subministro de dous vehículos híbridos baixo a modalidade de renting adscritos á Policía Local do Concello de Ames.

A Xunta de Goberno Local do 15.09.2022 realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para a adxudicación ao primeiro clasificado.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 14.10.2022 acordou a adxudicación do subministro á empresa GRUPIVAZGLE, S.L.

O 08.11.2022 o Tribunal Administrativo de Contratación Pública (en adiante o TACGAL) notifica a interposición de Recurso Especial en Materia de Contratación por parte da empresa AUTOS IGLESIAS, S.L. contra o acordo de adxudicación, sendo resolto de maneira ESTIMATIVA, retrotraendose o procedemento de licitación ao momento previo á valoración de ofertas.

En sesión do 15.12.2022 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento da resolución estimativa do Recurso Especial en Materia de Contratación, retrotraendo o expediente á fase de valoración dos criterios obxectivos valorables de forma automática.

O 22.12.2022 a Mesa de Contratación reúnese para dar cumprimento ao acordo adoptado en Xunta de Goberno Local, formulando unha segunda proposta de clasificación de ofertas por orden decrecente de puntuación das empresas admitidas á licitación, de acordo todo elo co previsto no artigo 83 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos do sector publico.

A Xunta de Goberno Local do 29.12.2022 realizou a segunda clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para a adxudicación ao primeiro clasificado, AUTOS IGLESIAS SL.

Unha vez presentada en prazo a documentación requirida, segundo o establecido no artigo 150 da Lei de Contratos do Sector Público, polo licitador clasificado en primeiro lugar, AUTOS IGLESIAS SL, e tras reunirse a Mesa de Contratación o 19.01.2023 para valorar a documentación requirida, que foi considerada correcta realizouse proposta de adxudicación.

Figura no expediente informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal (informe A13/2023 do 26.01.2023)

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1376/2021 BOP nº 75 do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro. Adxudicar** á empresa **AUTOS IGLESIAS SL, CIF B-27014398** o contrato do Subministro de dous vehículos híbridos baixo a modalidade de renting adscritos á Policía Local, nas condicións que a continuación se indican, tendo en conta a oferta da empresa adxudicataria e as condicións establecidas nos pregos de licitación, tanto pregos administrativos como técnicos:

1. Oferta económica:

1) Oferta económica subministro:		
Importe	IVE 21%	Importe total
138.720,00 €	29.131,20 €	167.851,20 €
Cuota mensual		
Importe	IVE 21%	Importe total
2.890,00 €	606,90 €	3.496,90 €
2) Km. a maiores gratuítos que superen os 40.000 km establecidos:		10.000 km/ano
3) Redución do prazo de entrega do vehículo		
Máximo establecido	Prazo de redución ofertado	Prazo final do subministro
120 días naturais	<b>25 días naturais</b>	<b>95 días naturais</b>
4) Outras melloras técnicas ou de seguridade:		SI NO



Control de velocidade adaptativo	X	
Sistema de detección de ángulo morto	X	
<b>5) Asistencia técnica</b>	<b>SI</b>	<b>NO</b>
Servicio técnico oficial no ámbito comarcal de Compostela (distancia inferior a 20 km da base da Policía Local do Concello de Ames)	X	
Servicio técnico oficial no ámbito comarcal de Compostela (distancia superior a 20 km da base da Policía Local do Concello de Ames)		
<b>6) Compromiso coa calidade do servizo, medio ambiente e responsabilidade social</b>	<b>SI</b>	<b>NO</b>
Por haber implantado un Sistema de Xestión da Calidade UNE-EN ISO 9001-2015	X	
Por haber implantado un Sistema de Xestión de Xestión Medio Ambiental UNE-EN ISO 14.001-2015	X	
Por haber implantado un Sistema de Xestión da Responsabilidade Social SANA 8000	X	

Así como as condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polos que se rexeu o procedemento, así como a proposición formulada.

**Segundo.** Autorizar e dispor o gasto para o ano 2023 por un importe de 28.900,00 euros mais 6.069,00 (IVE do 21%) o que fai un importe total de 34.969,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 132.20400 do vixente orzamento municipal.

En canto ao resto das anualidades son as seguintes:

Ano	Importe	IVE	Total
2024	34.680,00 €	7.282,80 €	41.962,80 €
2025	34.680,00 €	7.282,80 €	41.962,80 €
2026	34.680,00 €	7.282,80 €	41.962,80 €
2027 (xaneiro-febreiro)	5.780,00 €	1.213,80 €	6.993,80 €

O gasto para os exercicios 2024, 2025, 2026 e 2027 queda sometido á condición suspensiva da consignación de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos correspondentes.

#### Duración do contrato

O prazo de duración do contrato será de **48 mensualidades**, sen posibilidade de prorrogas a computar dende a sinatura da acta de recepción dos vehículos.

O adxudicatario deberá subministrar os vehículos nun prazo máximo de 90 días naturais como máximo contados a partir do día seguinte da notificación da adxudicación do contrato.

#### Inicio do contrato

O contrato dará comezo ao día seguinte da sinatura da acta de recepción dos vehículos.

#### Lugar de entrega e recepción do subministro

O subministro será entregado nas instalacións previamente sinaladas polo responsable do contrato.

O adxudicatario está obrigado a notificar por escrito ao responsable do contrato, ou persoa autorizada, cunha antelación mínima de 48 horas o día e hora de entrega previstos, non sendo responsable o Concello de Ames da custodia dos bens nin dos vicios ou defectos que tiveran motivados pola súa entrega sen preaviso.

Do ben subministrado, levantarase a correspondente acta de recepción.

No momento da entrega asinarase o oportuno recibín ou acuse, sin que isto implique conformidade algunha, tan solo a constancia do feito material da recepción.

De conformidade co disposto no artigo 304 de la LCSP, os gastos de entrega e transporte dos bens obxecto do subministro aos instalacións municipais serán por conta do contratista.

#### Réxime de Pagamento

O Concello de Ames abonará mensualmente o importe correspondente ao renting mensual acordado, unha vez asinada a

correspondente acta de recepción.

Rematado o contrato, con carácter previo á resolución formal, as partes resolverán sobre a liquidación que, no seu caso, resulte procedente en función do axuste quilométrico.

Aos efectos do disposto no artigo 3 da Ley 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector público o provedor deberá expedir a factura polos subministros entregados, e terá o deber, aos efectos do disposto nesta lei, de presentala ante o rexistro administrativo da entidade municipal nos termos previstos no artigo 38 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de trinta días dende a data de prestación do servizo.

Na factura deberá constar a identificación do órgano xestor, a unidade tramitadora e a oficina contable, con indicación dos correspondentes códigos, de acordo co "Directorio Común de Unidades e Oficinas DIR3", xestionado pola Secretaría de Estado das Administracións Públicas, conforme ao seguinte:

Oficina Contable	Órgano Gestor	Unidad Tramitadora
L01150026 Ayuntamiento de Ames	L01150026 Ayuntamiento de Ames	L01150026 Ayuntamiento de Ames

**Resto de condicións.** O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

**Terceiro.** Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado.

**Cuarto.** Notificar aos licitadores este acordo así como o réxime de recursos que procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ao tratarse dun acto que pon fin a vía administrativa.

**Quinto.** Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

**Sexto.** Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

## **PUNTO QUINTO. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA REDE SEMAFÓRICA DO CONCELLO DE AMES. EXPEDIENTE GD 6550/2022**

A Xunta de Goberno Local do 06.10.2022 aprobou o expediente de licitación do servizo de mantemento da rede semaforica do Concello de Ames.

A Xunta de Goberno Local do 05.01.2023 realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para a adxudicación ao primeiro clasificado, **KAPSCH TRAFFICOM CONSULTORIA TÉCNICA SAU.**

Unha vez presentada en prazo a documentación requirida ao licitador clasificado en primeiro lugar e segundo o establecido no artigo 150 da Lei de Contratos do Sector Público, a Mesa de Contratación en sesión do 19.01.2023 propuxo ao órgano de contratación a adxudicación do Servizo de Mantemento da Rede Semaforica á **KAPSCH TRAFFICOM CONSULTORIA TÉCNICA SAU**, ao considerar correcta a documentación presentada.

Figura no expediente informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal (informe A15/2023 do 30.01.2023)

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1376/2021 BOP nº 75 do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.** Adxudicar á empresa **KAPSCH TRAFFICOM CONSULTORIA TÉCNICA SAU**, NIF

A-78107349 o Servizo de Mantemento da Rede Semafórica, nas condicións que a continuación se indican, tendo en conta a oferta da empresa adxudicataria e as condicións establecidas nos pregos de licitación, tanto os pregos administrativos como os técnicos:

Oferta económica.

<b>Importe prestación do servizo (duración inicial 2 anos)</b>	<b>IVE 21%</b>	<b>TOTAL</b>
72.549,60 €	15.235,42 €	87.785,02 €
<b>% de baixa sobre prezos unitarios</b>	12%	

En canto ao preciarlo, unha vez aplicado o % de baixa do 12% sobre os prezos unitarios, resultaría o seguinte:

<b>Descrición</b>	<b>Subministración (sen IVE)</b>	<b>Montaxe (sen IVE)</b>	<b>TOTAL (sen IVE)</b>
Regulador electrónico desenrolado con dous microprocesadores. Centralizable, deseño modular, tarxetas enchufables e filosofía de control por fases. Capacidade máxima de ata 16 grupos e posibilidade para utilizar calquera tipo de grupo actuado por pulsador de peóns. Dispón de ata 127 plans de tráfico formados por: estrutura, táboa de tempos máximos e extensións, táboa de asignación de tempos a transitorios, táboa de tempos de fases, fase de retorno en funcionamento actuado total, desfaseamento. Con saídas estáticas. Supervisión, a través do microprocesador principal para ou control efectivo das incompatibilidades de verdes mediante a detección de tensión e corrente para cada uns dos grupos semafóricos, incompatibilidades e para detección de lámpada fundida (vermello). Capacidade para utilizar ata 21 detectores e ata 32 para funcionamento microregulado. Armario exterior engadido. Modelo RMY16. Ou semellante.	5.116,33 €	559,04 €	5.675,37 €
Módulo de control para dous grupos semafóricos con detector de tensión e corrente para incompatibilidade de verdes e detección de óptica fundida.	369,45 €	45,42 €	414,87 €
Unidade para cada catro grupos semafóricos con detector de tensión e corrente para incompatibilidade de verdes e detección de óptica fundida.	586,54 €	45,42 €	631,96 €
Armario equipo regulador valeiro.	1.310,89 €	200,03 €	1.510,92 €
Fonte de alimentación de regulador.	520,26 €	35,15 €	555,41 €
Tarxeta Micro Principal de regulador.	541,18 €	23,10 €	564,28 €
Tarxeta Micro Secundario de regulador.	556,88 €	23,10 €	579,98 €
Tarxeta de entradas / saídas de regulador.	381,11 €	35,15 €	416,26 €
Tarxeta de control de grupos para regulador.	546,22 €	35,15 €	581,37 €
Avisador acústico modelo PASSBLUE, activación mediante bluetooth o mando a distancia, integrado en óptica LED.	536,69 €	35,52 €	572,21 €
Módulo de intermitencia dobre, electrónico, de 15A., con caixa exterior de aluminio.	154,74 €	26,55 €	181,29 €
Reloxo para semáforo acústico programable.	96,75 €	16,53 €	113,28 €
Semáforo tipo "Normal" de inxección especial de aluminio. Tres focos de LEDS de 200 mm de Ø. Óptica vermello, ámbar e verde. Modelo 13/200.	615,25 €	68,71 €	683,96 €
Semáforo tipo "Normal" de inxección especial de aluminio. Dous focos vermello e verde de LEDS de 200 mm de Ø. Modelo 12/200.	399,92 €	61,00 €	460,92 €
Semáforo tipo "Normal" de inxección especial de aluminio. Dous focos ámbar-ámbar de LEDS de 200 mm de Ø. Modelo 12/200.	371,28 €	61,00 €	432,28 €
Semáforo tipo "Unifocal" de inxección especial de aluminio. Un foco ámbar de LEDS de 200 mm de Ø. Modelo 11/200.	210,40 €	41,76 €	252,16 €
Semáforo tipo "Repetidor" de inxección especial de aluminio. Tres focos de LEDS de 100 mm de Ø. Modelo 13/100.	330,52 €	41,76 €	372,28 €
Semáforo tipo "Repetidor" de inxección especial de aluminio. Dous focos de LEDS de 100 mm de Ø. Modelo 12/100.	222,37 €	41,76 €	264,13 €
Semáforo tipo "Peóns" de inxección especial de aluminio. Dous focos de LEDS de 200 mm de lado. Óptica vermello con silueta de peón parado e verde con silueta de peón andando. Modelo 12/200C.	369,73 €	53,30 €	423,03 €
Semáforo tipo "Peóns" de inxección especial de aluminio. Dous focos de LEDS de 200 mm de lado. Óptica vermello con silueta de peón parado e verde con silueta de	778,24 €	41,76 €	820,00 €

peón andando. Con contador, Modelo 12/200C Dinámico 1.			
Óptica de leds de vehículos verde de 200 mm de Ø.	66,45 €	19,10 €	85,55 €
Óptica de leds de vehículos vermella de 200 mm de Ø.	59,61 €	19,10 €	78,71 €
Óptica de leds de vehículos ámbar de 200 mm de Ø.	59,61 €	19,10 €	78,71 €
Óptica de leds de vehículos verde de 100 mm de Ø.	41,94 €	17,87 €	59,81 €
Óptica de leds de vehículos vermella de 100 mm de Ø.	37,98 €	17,87 €	55,85 €
Óptica de leds de vehículos ámbar de 100 mm de Ø.	37,98 €	17,87 €	55,85 €
Óptica de leds de peóns verde de 200 mm de lado.	75,02 €	19,10 €	94,12 €
Óptica de leds de peóns vermella de 200 mm de lado.	58,91 €	19,10 €	78,01 €
Conxunto de ópticas de peóns verde e vermella de 200 mm de lado con contador. Dinámico 1. (tecnoloxía Leds)	540,45 €	37,58 €	578,03 €
Pulsador electromecánico para demanda de paso de peóns con letreiros de "PULSE" e "ESPERE VERDE".	203,95 €	41,40 €	245,35 €
Báculo troncocónico de 6 metros de altura e 3,5 metros de saínte, construído con chapa de 4 mm de espesor de dureza especial, con 180 mm na base e 88 mm na punta. Con portela practicable na base. Acoraxe con pernos. Galvanizada en quente	668,91 €	248,59 €	917,50 €
Báculo troncocónico de 6 metros de altura e 4,5 metros de saínte, construído con chapa de 4 mm de espesor de dureza especial, con 180 mm na base e 88 mm na punta. Con portela practicable na base. Acoraxe con pernos. Galvanizada en quente	690,98 €	248,59 €	939,57 €
Báculo troncocónico de 6 metros de altura e 5,5 metros de saínte, construído con chapa de 4 mm de espesor de dureza especial, con 180 mm na base e 88 mm na punta. Con portela practicable na base. Acoraxe con pernos. Galvanizada en quente.	703,96 €	248,59 €	952,55 €
Báculo troncocónico de 6 metros de altura e 6,5 metros de saínte, construído con chapa de 4 mm de espesor de dureza especial, con 180 mm na base e 88 mm na punta. Con portela practicable na base. Acoraxe con pernos. Galvanizada en quente .	744,48 €	248,59 €	993,07 €
Alargadeira de 350 (fai ou báculo de 3,50).	65,72 €	29,24 €	94,96 €
Alargadeira de 850 (fai ou báculo de 4,50).	82,55 €	29,24 €	111,79 €
Alargadeira de 1850 (fai ou báculo de 5,50).	100,75 €	29,24 €	129,99 €
Alargadeira de 2850 (fai ou báculo de 6,50).	144,96 €	29,24 €	174,20 €
Baixante para colgar semáforo a báculo.	66,03 €	21,66 €	87,69 €
Columna tipo semafórica de 0,80 metros de altura, 100 mm Ø. Galvanizada en quente . Con base practicable. Incluído ancoraxe con pernos.	159,73 €	68,31 €	228,04 €
Columna tipo "Peóns" de 2,00 metros de altura 100 mm Ø. Galvanizada en quente. Con base practicable. Incluído ancoraxe con pernos.	192,18 €	68,31 €	260,49 €
Columna tipo "Vehículos" de 2,40 metros de altura 100 mm Ø. Galvanizada en quente. Con base practicable. Incluído ancoraxe con pernos.	206,80 €	68,31 €	275,11 €
Xogo pernos para anclaxe de columna tráfico	25,28 €	4,42 €	29,70 €
Campá para columna semafórica.	14,19 €	0,00 €	14,19 €
Cóbado soporte sinxelo de fundición de aluminio para sustentación dun semáforo. De 150mm de saínte.	21,15 €	22,84 €	43,99 €
Cóbado soporte sinxelo de fundición de aluminio para sustentación dun semáforo. De 270mm de saínte.	24,53 €	22,84 €	47,37 €
Cóbado soporte dobre de fundición de aluminio para sustentación de dous semáforos. De 270mm de saínte.	62,88 €	22,84 €	85,72 €
Pantalla de contraste, construída en poliéster , para semáforo 13/200.	117,98 €	31,67 €	149,65 €
Diferencial 2x40 A. 300 mA rearmable.	169,65 €	5,55 €	175,20 €
Diferencial 2x40 A. 300 mA.	54,67 €	5,55 €	60,22 €

Diferencial 2x40 A. 30 mA rearmable.	114,04 €	5,55 €	119,59 €
Diferencial 2x40 A. 30 mA.	40,52 €	5,55 €	46,07 €
Automático de 2x40 A.	21,39 €	5,55 €	26,94 €
Automático de 2x32 A.	17,71 €	5,55 €	23,26 €
Automático de 2x25 A.	14,40 €	5,55 €	19,95 €
Automático de 2x20 A.	14,69 €	5,55 €	20,24 €
Automático de 2x16 A.	14,48 €	5,55 €	20,03 €
Automático de 2x10 A.	14,14 €	5,55 €	19,69 €
Automático de 2x6 A.	23,38 €	5,55 €	28,93 €
Pica para toma de terra de ferro cobreado, de 1,5 metros de lonxitude e accesorios correspondentes.	14,35 €	26,52 €	40,87 €
Pica para toma de terra de ferro cobreado, de 2 metros de lonxitude e accesorios correspondentes.	17,18 €	26,52 €	43,70 €
M. lineal de cable mangueira, illamento PVC para 1000 Voltios, de 4 x 1,5 mm2. de sección.	1,77 €	1,17 €	2,94 €
M. lineal de cable mangueira, illamento, apantallado e protección antiroedor, de 4 x 1,5 mm2. de sección.	2,75 €	1,85 €	4,60 €
M. lineal de cable mangueira, illamento PVC para 1000 Voltios, de 4 x 2,5 mm2. de sección.	2,36 €	1,17 €	3,53 €
M. lineal de cable mangueira, illamento, apantallado e protección antiroedor, de 4 x 2,5 mm2. De sección.	5,97 €	1,85 €	7,82 €
M. lineal de cable amarelo / verde para toma de terra, de 1 x 16 mm2. de sección.	2,51 €	1,17 €	3,68 €
M. lineal cable mangueira, illamento PVC para 1000 Voltios, de 2 x 6 mm2. de sección.	2,57 €	1,17 €	3,74 €
Detector de expira magnética para vehículos de dúas canles, de alta sensibilidade e precisión para regulación do tráfico, configuración mediante micro switch ou porto serie. Con zocalo e FA incluída	437,04 €	32,45 €	469,49 €
Regata de expira magnética totalmente instalada.	16,86 €	15,40 €	32,26 €

#### Duración do contrato

O contrato terá unha duración de **DOUS ANOS** podendo prorrogarse anualmente ata un máximo de **CATRO ANOS**, cumprindo así o establecido no artigo 29 da LCSP.

A prórroga será obrigatoria para o contratista.

A efecto de prorrogas terase en conta a data de sinatura do contrato.

No entanto, cando ao vencemento dun contrato non se formalizou o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adjudicación, e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato.

#### Inicio do contrato

Dado que se trata dun contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación este non poderá formalizarse en documento administrativo ata que transcorran 15 días hábiles dende a remisión da notificación da adjudicación aos licitadores participantes no procedemento.

O contrato dará comenzo o 1 de marzo de 2023.

#### Inicio da prestación

O contrato dará comenzo o 1 de marzo de 2023.

#### Modificación de contrato

O contrato poderá modificarse por un importe máximo de 33.744,00 euros no suposto de que se amplíe a rede semaforica.

#### Réxime de pagos

Os traballos abonaranse con **periodicidade mensual**, por meses vencidos previa presentación polo contratista do **Parte de traballo acreditativo da calidade da prestación do servizo** conxuntamente coa correspondente factura detallada que deberá

estar conformada polo responsable do contrato respecto diso e, dacordo con o establecido no artigo 216 do TRCLSP.

O parte de traballo mensual deberá reflectir a/s instalacións, e/o localización nas que se prestou o servizo.

En canto ás pezas que se substitúan nas instalacións facturaranse separadamente e abonaranse conforme ao precario que forma parte deste contrato, debendo acreditar a autorización previa do responsable municipal do contrato

As facturas deberán especificar o mes ao que se refire.

Ditas facturas deberán contemplar o importe da prestación máis o I.V.E., na porcentaxe daquel que corresponda en cada momento, segundo a lexislación vixente. A factura reunirá os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan os deberes de facturación.

Aos efectos do disposto no artigo 3 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector público o proveedor deberá expedir a factura polos servizos prestados ou bens entregados, e terá o deber, para os efectos do disposto nesta lei, de presentala ante o rexistro administrativo da entidade municipal nos termos previstos no artigo 38 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de trinta días desde a data de prestación do servizo.

Na factura deberá constar a identificación do órgano xestor, a unidade tramitadora e a oficina contable, con indicación dos correspondentes códigos, dacordo con o "Directorio Común de Unidades e Oficinas DIR3" xestionado pola Secretaría de Estado de Administracións Públicas conforme ao seguinte:

Oficina Contable	Órgano Gestor	Unidad Tramitadora
L01150026 Ayuntamiento de Ames	L01150026 Ayuntamiento de Ames	L01150026 Ayuntamiento de Ames

**Resto de condicións.** O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

**Segundo.** Autorizar o gasto para o ano 2023 de 30.229,00 euros mais 6.348,09 euros de IVE (21%) o que fai un importe total de **36.577,09 euros** con cargo a aplicación orzamentaria 133.21300 do vixente orzamento municipal.

En canto as anualidades resultan as seguintes:

Anualidades				
Ano	Concepto	Importe	IVA	Total
<b>Marzo-dicembro 2023</b>	Material de substitución	18.500,00 €	3.885,00 €	22.385,00 €
	Prestación do servizo de mantemento	11.729,00 €	2.463,09 €	14.192,09 €
<b>2024</b>	Material de substitución	22.200,00 €	4.662,00 €	26.862,00 €
	Prestación do servizo de mantemento	14.074,80 €	2.955,71 €	17.030,51 €
<b>Xaneiro-febreiro 2025</b>	Material de substitución	3.700,00 €	777,00 €	4.477,00 €
	Prestación do servizo de mantemento	2.345,80 €	492,62 €	2.838,42 €
<b>TOTAL</b>		<b>72.549,60 €</b>	<b>15.235,42 €</b>	<b>87.785,02 €</b>

O gasto para os exercicios 2024 e 2025 queda sometido á condición suspensiva da consignación de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos correspondentes.

**Terceiro.** Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado.

**Cuarto.** Notificar aos licitadores este acordo así como o réxime de recursos que procede, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ao tratarse dun acto que pon fin a vía administrativa.

**Quinto.** Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

**Sexto.** Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

**FORA DA ORDE DO DÍA E PREVIA RATIFICACIÓN DA URXENCIA, POR UNANIMIDADE DOS MEMBROS PRESENTES INCLÚESE O PUNTO QUE A CONTINUACIÓN SE INDICA:**

**MODIFICACIÓN DO REPRESENTANTE DO ÓRGANO XESTOR DE VARIAS OBRAS MUNICIPAIS. EXPEDIENTES GD 4909/2020; 655/2021; 735/2021; 849/2021; 852/2021; 2578/2021; 6375/2021; 8621/2022; 11521/2022.**

En reunión entre técnicos do departamento de Obras e o alcalde, como responsable da concellería de obras e servizos, acordase que para un mellor seguimento das obras, procede realizar unha redistribuír das mesmas entre o persoal técnico do departamento, afectando o cambio unicamente a obras sen comenzar ou con baixo porcentaxe de execución.

As obras afectadas son as seguintes nas que figura en todas elas como representante do órgano xestor a arquitecta técnica municipal \*\*\*\*\*.

OBRA	FINANCIAMENTO	EXPEDIENTE GD
Interiores de Rúa	Pos+Adicional 2/2020	4909/2020
Acondicionamento de estrada de Vilar a Quintáns (Ameixenda)	Pos+2021	655/2021
Pavimentación da estrada de Eirapedriña (Bugallido)	Pos+2021	735/2021
Pavimentación interiores en Pedras	Pos+2021	849/2021
Pavimentación de interiores e accesos a Ventín (Biduído)	Pos+ Adicional 2/2021	852/2021
Mellora de vestiarios e o muíño de Tapia	Pos+Adicional 2/2021	2578/2021
Pavimentación de accesos en Guimaráns (Bugallido) e outros	Fondos propios	6375/2022
Acondicionamento da AC544 dende a intersección da Avenida Maía ata o PQ 0+610	Convenio Xunta de Galicia	8621/2022
Pavimentación de viario en Ventín. Biduído	Fondos propios	11521/2022

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1376/2021 BOP nº 75 do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.** Nomear como novo representante do órgano xestor das obras mencionadas a continuación, ó técnico municipal, \*\*\*\*\* \*\* \*\* \*\*\*\*\* \*\*\*\*\*, en substitución da arquitecta técnica municipal, \*\*\*\*\*.

OBRA	EXPEDIENTE GD
Interiores de Rúa	4909/2020
Acondicionamento de estrada de Vilar a Quintáns (Ameixenda)	655/2021
Pavimentación da estrada de Eirapedriña (Bugallido)	735/2021
Pavimentación interiores en Pedras	849/2021

Pavimentación de interiores e accesos a Ventín (Biduído)	852/2021
Mellora de vestiarios e o muíño de Tapia	2578/2021
Pavimentación de accesos en Guimaráns (Bugallido) e outros	6375/2022
Acondicionamento da AC544 dende a intersección da Avenida Maía ata o PQ 0+610	8621/2022
Pavimentación de viario en Ventín. Biduído	11521/2022

**Segundo.** Notificar aos interesados no procedemento coa indicación do réxime de recursos que proceda, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

**Terceiro.** Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

**Cuarto.** Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás doce horas (12:00) estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde

A secretaria

José Blas García Piñeiro

Rosa Ana Prada Queipo